



A att. **Concello das Pontes de García Rodríguez**

Expediente: **Traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na entorna do desmorte dos Airios e o viaduto do Eume**

Tipo de documento: Proxecto de trazado

Clave: **AC/22/108.09**

*-Solicítase relacione esta clave para calquera comunicación ao respecto deste expediente-*

Asunto: Información pública

De conformidade co previsto no artigo 56.1 do *Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa*, infórmaselles que na páxina web <https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/informacion-publica/estudos>, dispoñen para a súa consulta do documento referido neste oficio; debido a que se acordou sometelo ao trámite de información pública durante un prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (prevista para o 04/07/2025) e ao informe das administracións públicas afectadas.

Polo tanto, como administración territorial afectada, no prazo de quince (15) días hábiles pode examinar se o trazado proposto é o máis axeitado para os seus intereses e **informar ao respecto**. Transcorrido dito prazo sen que sexa emitido o dito informe, continuarase coa tramitación do procedemento.

Por isto, solicítaselle que **insiran no taboleiro de anuncios** dese Concello o anuncio de dito trámite, coa finalidade de que os interesados formulen alegacións durante un prazo de quince (15) días hábiles (a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*), na forma prevista na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, coa indicación de que unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas á concepción global do trazado exposto.

Rematado o período de información pública, solicítaselles a **expedición e remisión a Área de Deseño de Infraestruturas dun certificado** no que se faga constar que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

O resultado da información pública será remitido a ese Concello.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias



## ANEXO

### Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Traballos de minoración da xeración de efluentes ácidos na entorna do desmonte dos Airios e o viaduto do Eume

Clave: AC/22/108.09

#### Concello das Pontes de García Rodríguez

| N.º | Referencia catastral | Políg. | Parc. | Titular                | NIF       | Sit. básica do solo (RDL 7/2015) | Expropiación m² | Bens afectados |     |                             |
|-----|----------------------|--------|-------|------------------------|-----------|----------------------------------|-----------------|----------------|-----|-----------------------------|
|     |                      |        |       |                        |           |                                  |                 | Cant.          | Ud. | Descrición                  |
| 1   | 15071A044010010000YA | 44     | 1001  | Endesa Generación S.A. | A82434697 | Rural                            | 12.901          | 300            | Ud. | Árbore madeirable (piñeiro) |

